



Praza do Concello, s/n

27100 A Fonsagrada (Lugo)

Tel.: 982 34 00 00

Fax.: 982 34 00 01

Bases do “II Certame de Escaparates de Nadal 2020 da Fonsagrada”

1 Introdución:

Dentro da campaña de Nadal e co obxectivo da dinamización e fomento do comercio na nosa localidade, dende o Concello da Fonsagrada convocase o “II Concurso de Escaparates de Nadal” 2020.

2 Obxectivos:

O presente concurso, ten por obxecto promover a creatividade do pequeno comercio do noso Concello, premiando aos escaparates navideños con mellor decoración e que proporcionen un mellor ambiente festivo, fomentando as actuacións de promoción e animación que atraían ao público a visitar os negocios do municipio nesa época, de forma de que sexan atractivos aos visitantes, e se visualice a calidade dos seus produtos e servizos a través desta campaña.

3 Temática:

O tema a desenvolver na decoración dos escaparates será relativo as festas de Nadal.

4 Participantes:

Poderán participar no concurso tódolos establecementos comerciais abertos ao público no Concello da Fonsagrada, calquera que sexa a súa actividade.

Deberán ter o establecemento regularmente aberto na Fonsagrada.

5 Lugar e prazo de inscricións:

A inscrición será gratuita e as instancias poderán recollese e presentarse na Oficina de Turismo dende o día 3 de novembro ao 12 de decembro.

6 Desenvolvemento do Certame:

A decoración dos escaparates gardará relación directa cos motivos de nadal, que deberán estar decorados e expostos, ao menos dende o día 14 ao 31 de decembro de 2020.

7. Compromiso dos Participantes:

Os establecementos que participen no certame, estarán identificados cun cartel e deben manter a decoración de nadal ata o día 31 de decembro. Unha vez transcorrida a data, poderán seguir coa temática escollida para o concurso ata finalizado o Nadal ou modificala se así o desexan.



Praza do Concello, s/n

27100 A Fonsagrada (Lugo)

Tel.: 982 34 00 00

Fax.: 982 34 00 01

8. Composición do xurado:

O xurado estará composto polos seguintes membros:

- Unha técnica da área de Cultura e Turismo
- Dous representante dos consumidores.

O xurado estará asistido por un Secretario, que será un empregado da plantilla do Concello da Fonsagrada, que levantará acta das consideracións dos membros do Xurado na súa labor de valoración dos escaparates que se presentasen ao concurso.

9. Criterios de valoración:

O xurado, na súa labor de selección dos premiados do presente concurso, valorará fundamentalmente os seguintes criterios:

- Orixinalidade
- Montaxe
- Complexidade
- Estética
- Creatividade
- Ambientación de Nadal
- Atractivo Comercial

10. Visitas de Valoración

O xurado realizará visitas aos establecementos participantes, en horario comercial sen previo aviso, nas semanas do 14 ao 27 de decembro.

De dita visita se levantará acta, a efecto de deixar constancia das valoracións efectuadas polo xurado.



Praza do Concello, s/n

27100 A Fonsagrada (Lugo)

Tel.: 982 34 00 00

Fax.: 982 34 00 01

11. Premios:

Despois da visita do xurado, éste designará e fará público os establecementos que, a xuízo do mesmo, resultaron gañadores do “II Certame de escaparates de Nadal”.

Os premios serán tres diplomas aos 3 comercios finalistas e as seguintes cantidades económicas en función da clasificación:

1º premio: 400€

2º premio: 300€

3º premio: 200€

12. Veredicto do Concurso e entrega de premios:

O veredicto do xurado, farase público nas redes sociais do Concello. Os gañadores serán avisados telefónicamente. O acto de entrega será unha mañá na Casa Consistorial e se instalará nos escaparates gañadores un cartel informativo sobre a concesión de dito premio.

Os establecementos participantes que resulten gañadores autorizan ao Concello da Fonsagrada para poder publicar a fotografía do escaparate nas redes sociais unha vez que se coñeza o veredicto do xurado.

O xurado pode declarar deserto este certame por motivos xustificadas e deixar sen efecto a concesión do premio.

13. Aceptación das bases e publicidade da convocatoria:

A participación no “II Certame de escaparates de Nadal”, supón a aceptación das bases, así como o veredicto do xurado. Para o non establecido nas presentes bases, se aceptará o disposto pola Concellería de Cultura e Turismo.